



PROGRAMA PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS PARA MEDIADORES XUVENÍS

XUSTIFICACIÓN:

Os problemas relacionados co uso de drogas por parte dos sectores máis novos da nosa sociedade constitúen un dos problemas de saúde pública con maior impacto nos países desenvolvidos.

Na poboación galega rexístranse elevados niveis de uso de determinadas substancias entre a mocidade, ademáis dalgúns patróns de consumo problemáticos e unha baixa percepción dos riscos asociados ao consumo de certas drogas.

OBXECTIVOS:

- Formar aos participantes en drogas e adiccións.
- Eliminar falsas crenzas asociadas ao consumo de substancias mediante unha información obxectiva e reflexiva sobre o tema.
- Dotar de estratexias e habilidades que favorezan o desenvolvemento do seu quefacer diario.
- Promover a reflexión sobre o seu papel como mediadores/as sociais e axentes de prevención.
- Reforzar a importancia da súa tarefa educativa de cara ao desenvolvemento integral dos/das menores e xóvenes.

DESTINATARIOS:

Mediadores/as xuvenís (Asociacións xuvenís, clubs deportivos, espazos de ocio xuvenil, etc).

METODOLOXÍA:

A formación será dinámica. Usarase o adestramento en dinámicas individuais, de grupo e ensaio das actividades que despois deberán desenvolver cos mozos/as.

DURACIÓN:

12 horas (4 sesións).

CONTIDOS:

1ª Sesión:

- Drogas e drogodependencias. Conceptos básicos en prevención de drogodependencias. Educación para a saúde.
- Os factores de risco e protección asociados ao consumo de drogas.
- Definición do rol de mediador/a xuvenil en drogodependencias. Funcións, habilidades e esixencias.

2ª sesión:

- O alcohol: patróns de consumo, efectos no organismo e impacto na saúde e benestar, efectos do alcohol na conducción, publicidade do alcohol, lexislación, mitos e crenzas.
- O tabaco: impacto inmediato, a medio e longo prazo, factores que condicionan o seu consumo.
- O cannabis: mitos e realidades.
- Os psicoestimulantes (cocaína e drogas de síntese): patróns de consumo, efectos asociados, condutas de risco...
- Percepción social do fenómeno das drogodependencias.

3ª Sesión:

- Técnicas e ferramentas básicas en prevención: comunicación, motivación, traballo en grupo e dinamización social.
- A resolución de conflitos.
- Patróns dominantes de ocupación do tempo libre entre os novos/as e alternativas de ocio.
- Recursos existentes en drogodependencias, xuventude, tempo libre...

4ª Sesión:

- Método para a aplicación da acción preventiva: valoración de necesidades, deseño e avaliación de programas de prevención.
- A elaboración dun programa de ocio alternativo como ferramenta para prevención de consumo de drogas.